

CONCELLO DE A ILLA DE AROUSA  
R/ Palmeira, 25 - Tno. (986) 52 70 80  
36626-A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)

11 1040

Comunicolle que con data do 20 de marzo de 2006, a Xunta de Goberno Local adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

**"3°.- EXPEDIENTES URBANISTICOS**

**3.B.-OBRAS MAIORES**

Vistas as solicitudes de obras maiores que a continuación se relacionan, así como os informes emitidos polos servizos técnicos municipais competentes, a Xunta de Goberno Local, previa deliberación e por unanimidade, adoptou os seguintes acordos:

Outorgar licenzia para a realización de obras, sen mingua do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, a reserva da competencia que poida corresponder a outras autoridades e organismos, e de conformidade coa documentación técnica presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que figura en cada autorización; caducando no prazo de seis meses se non se comezan as obras, ou se transcorridos tres anos dende a súa concesión non se rematan, a:

**3.B.1.-RESIDENCIAL ILLA DE AROUSA S.L.** representado por D. Carlos Cao Pérez con domicilio na Crta. De Madrid, 150 (Km. 5) 36318 Vigo, que solicita licenzia municipal para a construción de edificio para 127 vivendas e 200 prazas de garaxe na rúa do Cabodeiro (area de reparto nº 20) presentando proxecto básico.

A Xunta de Goberno Local vistos os informes municipais, acorda por unanimidade dos presentes **APROBAR** o proxecto básico e aproba-las liquidacións: (Taxa obra: 30.496,78 €) (ICO: 175.942,98 €), coas seguintes determinacións:

1. As obras deberán axustarse ó proxecto básico visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 28/12/05 e o proxecto de execución que deberá ser presentado.
2. Non poderá realizarse obra distinta da autorizada, se previamente o propietario da edificación non solicita e obtén a nova licenzia municipal que autorice a execución das non previstas no proxecto aprobado.
3. Antes do inicio das obras no seu día, se é o caso, deberá colocar un valado de protección para o que deberá obter, previamente, a oportuna autorización municipal.
4. Deberá colocar un cartel normalizado polo Concello de 2,44 x 1,22 m. cos datos da obra, os axentes intervintes e os da licenzia.
5. Deberá ter na obra no seu día a licenzia, un proxecto visado.
6. A licenzia outorgarase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, nin da intervención ou atribucións que poderán corresponder a outras Administracións.
7. Para facer efectiva a licenzia municipal no seu día deberá solicitálo sinalamento de aliñación para facer as cesións a viais que corresponde a súa parcela segundo os planos de ordenación do PXOU.

8. Faise constar que a licenza municipal, cando proceda, carece de validez en tanto non se efectúe o sinalamento de aliñación e rasante e o Arquitecto Municipal sinale a liña de edificación e rasante, xunto co propietario e director da obra.

9. Non poderá levar a cabo a execución das obras ata que non presente o proxecto de execución e sexa informado favorablemente polo arquitecto municipal.

10. No caso de empregar grúa/s, o longo da construción do edificio, deberase solicitar a/s correspondente/s licenzia/s antes da súa instalación."

O que notifico a Vde. significándolle que contra o acto anteriormente expresado, que pon fin á vía administrativa, poderá optar, consonte ao disposto no artigo 116.1 da Lei 30/92, do 28 de novembro, do réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, na súa redacción dada pola Lei 4/99, do 13 de xaneiro, por:

A.- Interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local dentro do prazo de UN MES contado dende o día seguinte ao da recepción desta notificación, advertíndolle que, segundo o establecido no artigo 116.2 da mentada Lei 30/92, na súa redacción dada pola Lei 4/99, do 13 de xaneiro, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. E consonte ao disposto nos parágrafos 1 e 4 do artigo 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa, o prazo para interpoñer o devandito recurso contencioso administrativo será:

- Se fora expresa a resolución do recurso potestativo de reposición: DOUS MESES contados dende o día seguinte a aquel en que se notifique dita resolución.
- Se non fora expresa a resolución do recurso potestativo de reposición: SEIS MESES contados desde o día seguinte a aquel en que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso potestativo de reposición.


B.- Interpoñer directamente o recurso contencioso-administrativo ante os órganos do orde xurisdiccional contencioso-administrativo que correspondan, consonte ao disposto nos artigos 8, 10 e 13 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa, no prazo de DOUS MESES contados dende o día seguinte ao da recepción desta notificación, tal como establece o artigo 46 da devandita Lei.

Non obstante, e se o considera conveniente, poderá exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.

A Illa de Arousa,

10 MAYO 2006

O SECRETARIO-INTERVENTOR,



\* Asdo.: D. Daniel Angel Lamas Bello

RESIDENCIAL ILLA DE AROUSA S.L. representado por D. Carlos Cao Pérez  
Crt. De Madrid nº 150 (km 5)

36318 - VIGO